



CONCELLO DE SANTA COMBA  
PRAZA DO CONCELLO, 1  
15841 SANTA COMBA, A CORUÑA

EXPEDIENTE Nº: **IF205D 2019/000011-1**

SOLICITANTE: **CONCELLO DE SANTA COMBA**  
DOMICILIO PARA NOTIFICACIONES: **PRAZA DO CONCELLO, 1, SANTA COMBA, A CORUÑA**

OBRAS OU ACTUACION PARA AS QUE SE SOLICITA AUTORIZACION:  
**Obras de conservación e rehabilitación de viario local con acceso a estrada autonómica.**  
SITUACION RESPECTO A ESTRADA:  
Concello: **SANTA COMBA**  
Estrada: **AC-400 - SIGRÁS (N-550) - MUROS (ZONA SUR)**  
Punto Quilométrico: **61+980**  
Marxe, en sentido do avance de Quilometración: **Esquerda**

#### ANTECEDENTES

1. O 12/12/2018, recibíuse no edificio administrativo da Xunta de Galicia na Coruña un escrito do Concello no que solicita autorización para “*Obras de reparación asfáltica de viario no Lugar de Vilar de Arriba*”.
2. O 08/01/2019, o equipo de vixiantes de explotación deste Servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.
3. O 10/01/2019, o enxeñeiro facultativo deste Servizo emitiu informe sobre a solicitude presentada.

#### NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, modificada pola Lei 6/2015, do 7 de agosto (DOG 12/07/2013 / DOG 13/08/2015).
2. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (DOGA 20/06/2016).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, “*a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección (servidume e afección) está suxeita ó deber de obter a correspondente autorización previa.*”
2. E no punto 3 da mesma engade: “*Nas autorizacións outorgadas se impondrán as condicións que en cada caso se consideren oportunas para evitar danos e prexuízos á estrada, as zonas de protección, aos seus elementos funcionais, á seguridade da circulación viaria ou a adecuada explotación da estrada.*”
3. Segundo os artigos 43.1.f) da mesma Lei, “*no dominio público e nas súas zonas de protección, serán autorizables as actuacións necesarias para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias cando pola súa funcionalidade non poidan ter outra colocación e non prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación.*”





4. O obxecto da solicitude pode cumprir con a lexislación sectorial de estradas sempre que acade as condicións particulares que se indican a continuación.

De acordo có indicado, **RESOLVO OUTORGAR esta autorización ao concello de SANTA COMBA** a execución das obras de: **“Reparación asfáltica de viario no Lugar de Vilar de Arriba”**. De acordo con a documentación presentada e **con as condicións que se enumeran a continuación**.

Esta autorización **carecerá de validez** se antes de comezar as obras a **empresa adjudicataria** das mesmas non presenta perante este Servizo de Infraestruturas o xustificante de ter depositado un aval de **CINCOCENTOS euros (500 €)**. Unha vez executadas as obras, e comprobada a correcta execución das mesmas por este Servizo, poderá procederse a súa devolución.

**Antes do inicio das obras**, deberase comunicar aos vixiantes deste Servizo o seu inicio, cunha antelación mínima dunha semana, así coma calquera incidencia que se puidera producir durante a súa execución. ([Tfno.: 608 79 79 84](tel:608797984))

### CONDICIÓN PARTICULARES

1. Se realizarán as actuacións necesarias para **impedir a chegada de augas de escorrega e arrastres dende o viario local á calzada da AC-400. Debendo dirixilas, no seu caso, aos elementos de drenaxe superficial da mesma ou do propio viario local**. Para o que se disporá da solución mais adecuada. Incluso se fora necesario, á implantación de imbornales ou dunha reixa corrida que permitan a limpeza periódica do elemento de condución da drenaxe superficial.

En ningún caso a obra pode afectar á plataforma da estrada autonómica (zona da estrada formada pola calzada e beiravía ). **A xunta entre o novo aglomerado do viario local e o da plataforma da estrada, na aresta exterior da beiravía desta última, se executará mediante corte con disco**. Coidando especialmente na execución a continuidade da rasante.

2. **As sinalizacións, vertical e horizontal**, na zona de conexión con a estrada autonómica deberán realizarse de acordo con a norma 8.1-IC e 8.2-IC. **En todo caso se instalará unha sinal tipo R-2 de detención obrigatoria**.
3. Durante o tempo no que se executen as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade no tramo afectado, **colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a Instrución 8.3-IC**, o Código de Circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes.

Sendo o petionario o responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto finalicen as obras. No caso que se detecte que a sinalización non é suficiente para garantir a seguridade viaria, procederase ó seu reforzo seguindo as instrucións dadas polo persoal deste Servizo.

4. As obras deberán ser executadas **no prazo máximo de dezoito (18) meses**, que se contarán desde o día seguinte á notificación desta resolución.
5. **Comunicación da finalización das obras**. Unha vez rematadas as obras, deberase comunicar a este Servizo a súa finalización, co obxecto de comprobar as mesmas e proceder á **devolución do aval, no seu caso**.
6. O solicitante deberá manter, en todo momento, a estrada limpa e en boas condicións de circulación, incluso despois de rematadas as obras; non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas ou produtos resultantes da construción que se autoriza. Tampouco se poderán almacenar ningunha clase de materiais nos terreos comprendidos na zona de dominio público da estrada.
7. Non poderán instalarse elementos que poidan ocasionar cegamento, posible confusión con sinais de circulación ou distracción ós usuarios da estrada, vistos desde calquera punto da súa plataforma.





## CONDICIÓNS XERAIS

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias (en especial, a correspondente á Xefatura Provincial de Tráfico), sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán, en ningún caso, a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

2. Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte á zona de dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste Servizo.
4. As obras executaranse conforme á documentación presentada para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.
5. Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo sexa coñecedor do Inicio das actuacións. O interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para o inicio. Facendo referencia ao nº de expediente da autorización, así como calquera incidencia que se produza durante a execución da obra terase a obriga de ser comunicada. (Nº FAX 981 184888)
6. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
7. A administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.
8. As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.
9. No caso de que a execución das obras autorizadas impliquen alteración ou cortes de tráfico, deberase obter previamente a preceptiva autorización da Xefatura Provincial de Tráfico (ou do Concello) e deberá comunicalo a este Servizo antes do seu inicio, todo elo de acordo co artigo 37 do Regulamento xeral de Circulación (RD 1428/2013) que xunto co artigo 39, regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación e a súa limitación.





10. Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que, en ningún caso, se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa.
11. Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita deste Servizo.
12. O persoal deste Servizo terá coñecemento da Terminación das obras, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para a dita operación. A comunicación será vía fax ao Servizo provincial aló menos con 48 horas de antelación do remate dos traballos autorizados, facendo referencia ao nº de expediente da autorización (Nº FAX 981 184 888)-civ.coruna.autorizacions@xunta.gal
13. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
14. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.  
  
No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos, e poderán concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización.
15. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
16. O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013 e dará lugar á tramitación do expediente coa sanción que proceda.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante o Director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da notificación desta autorización.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 21,1 da Lei 39/2015.

A Coruña, asinado electronicamente

O xefe do Servizo

Felipe de la Vega Gándaras

